



Como ben di o [comunicado da CIG](#), a cuestión dunha posible disfunción nas convocatorias de promoción interna púxoa sobre a mesa a CIG cando xa levaban meses publicadas algunhas das convocatorias. Fíxoo no seo do comité, sendo rexeitada a súa proposta logo de debatirse, expúxoo ante a xerencia na posterior reunión da RPT, volveuse a tratar na seguinte reunión do Comité onde, tras un prolongado debate, se procedeu a unha votación na que os dous membros da CIG apoiaron a súa proposta e os catro sindicatos restantes rexeitárona de pleno. Non contentos aínda, volvérono a poñer riba da mesa na seguinte reunión negociadora da RPT como se fora un tema que estivera pendente de resolver. Chegados a este punto de insistencia certamente a algúns resultounos difícil abstraernos de que o membro da CIG mais activo neste asunto ven de ocupar recentemente, en comisión de servizos, unha praza de superior categoría, e está a espera de que sexa convocada dita praza por promoción interna. Máxime cando meses antes renunciouse, co apoio da CIG, a cuestións moito mais transcendentales para a promoción interna, como a valoración dos servizos prestados na universidade ou a separación efectiva das convocatorias, porque a modificación do convenio adiaría os procesos. Aínda que vello e refutado nalgúns eidos, o principio da navalla de Ockham segue sendo moi útil.

A disfunción sinalada pola CIG, sendo discutible, non deixa de ter unha certa base, e poderíase ter tratado no seu momento: na negociación do convenio colectivo e na negociación das bases comúns as convocatorias. Pero a estas alturas non sería de recibo modificar convocatorias xa publicadas, co conseguinte retraso e a posibilidade de posteriores recursos, nin que convocatorias similares as xa publicadas tiveran agora baremos e bases distintas. Con mais razón tendo en conta que, como xa se mencionou antes, modificacións de mais calado foron paralizadas cos mesmos argumentos e co apoio da propia CIG.

Parte a CIG do suposto de que as probas son mais sinxelas para os de quenda libre que para os de interna xa que aos de quenda libre lles entra no primeiro exame a lexislación, de escaso contido segundo eles, en tanto que por promoción interna todo o exame se corresponde coa parte específica. Se isto é unha vantaxe ou un inconveniente non está demasiado claro e probablemente dependerá de cada persoa e do grado de preparación que teña para a súa profesión. Non hai mais que escoitar as queixas dos de libre por ter que estudar leis que nada teñen que ver co seu traballo. De todas formas compre aclarar que se alguén está convencido de que lle sería mais sinxelo sacar unha praza por libre non hai ningún impedimento para facelo, pero nós non llo aconsellamos.

Dicir tamén que a CIG participou activamente na elaboración do temario xeral de cada categoría, polo que non entendemos que agora lles pareza demasiado light o que antes lles parecera adecuado.

Aínda que fora certo que a inclusión da lexislación favorecera o aprobado dos de quenda libre non se debe esquecer que non estamos comparando situacións iguais: o de promoción interna vai por unha quenda preferente, polo que en ningún caso compite co de quenda libre.

A outra parte da análise da CIG centrábase en que non era admisible que alguén adquirira unha praza sacando só un 1,5 sobre 10 na parte específica. Pese a elo a CIG pediu que fora así tamén para a promoción interna. Aquí hai varias consideracións que facer.

A primeira de elas e que a situación que se pon como exemplo está levada ao límite xa que se trataría de alguén capaz de sacar un pleno na parte común en tanto que na parte específica sacaría pouco mais do que calquera podería sacar respondendo o



chou. Altamente improbable, pero posible. No intento de poñer cifras rechamantes afirman que, partindo dun 25% de peso da parte común (que só está así establecida para auxiliares de servizo), acertando a totalidade das preguntas da parte xeral chegaría con sacar logo 1,5 sobre 10 na parte específica para superar a proba. Isto é radicalmente falso. Non é que afirmemos que menten, senón que lles fallan principios elementais de cálculo.

Outra cousa que non se di e que isto so ocorre na segunda proba, e que a terceira proba é exclusivamente da parte específica, tendo o dobre de peso na oposición que a primeira. A lóxica indica que quen fixo un exame tan desastroso na parte específica do segundo exame dificilmente aprobará o terceiro. Pero segue entrando dentro do posible. Temos pois, unha vez que pasou raspados ambos exames, a un candidato de quenda libre que pasa a oposición cun catro pelado, do que un 79,2% corresponde ao específico e un 20,8% ao xeral (logo de facer un extraordinario pleno). Aínda así, ao tratarse da quenda libre, é moi probable que non lle chegue con aprobar para conseguir praza, cousa que si ocorre a miúdo pola quenda de promoción interna.

É certo que dúas convocatorias xa convocadas non teñen a terceira proba (as dúas de grupo catro), pero neste caso non se mestura a promoción interna coa quenda libre, xa que unha é exclusivamente de libre e a outra só de promoción interna. En ámbolos dous casos con bastantes mais candidatos que prazas polo que dificilmente chegará cun catro pelado, aínda que hipoteticamente podería darse o caso.

Unha vez analizado o suposto agravio comparativo e as súas consecuencias, cadaquén pode valorar por si mesmo se era de recibo atrasar ou poñer en risco legal as convocatorias, variarlle as condicións da oposición aos que a levan meses preparando, ou cometer novos agravios comparativos sacando convocatorias semellantes as xa publicadas pero en condicións diferentes.

Análise aparte nos merece a decisión da CIG de non formar parte de tribunais de oposición ou comisións. Aducen que é porque se puxo en dúbida a súa honradez. Por un lado dicir que a quen terán que render contas será aos seus representados e non a membros doutros sindicatos, e por outro salientar a contradición que supón non deixar a mesa de negociación na que tivo lugar esa suposta acusación, e sen embargo deixar outras nas que ninguén lle reprocha nada. Imaxinamos que quen lles deu o voto confía mais en eles que en outros sindicatos á hora de velar polos seus intereses, polo que a renuncia voluntaria en favor de outros pode ser difícil de entender. Tendo en conta de quen partiu a idea da renuncia, a dedicación en tempo que require a participación en tribunais e comisións, e o tempo que require a preparación dunha oposición, a algúns aparécesenos de novo a vella navalla de Ockham (traducida popularmente como "branco e en botella..."). Sería lexítimo e non tería nada de particular se non fora pola artimaña que se quere empregar.

En canto á labor do secretario ou a información dispoñible na páxina web, certamente mellorables ambas, temos que salientar que a meirande parte das reunións (ata catro por semana) corresponde ás negociacións do convenio, convocatorias, temarios das prazas e da RPT. En tódolos casos hai un compromiso de confidencialidade en tanto as propostas non están suficientemente elaboradas para non entorpecer as negociacións ou crear falsas expectativas. Nas negociacións participan todos os sindicatos e case todo se aproba por unanimidade. Na medida do posible consultamos aos afectados por cada negociación, presentamos os proxectos antes de seren aprobados e, nas cousas transcendentales, requirimos a aprobación do colectivo en asemblea. A iso nós chamámoslle transparencia.